



## **Roleplay interpretación [ámbito policial, nº 2: Declaración en sede policial]**

**Linguas:** Galego-inglés.

**Duración:** 16 mm, 34ss.

**Calidade:** Alta.

**Dificultade:** Media (amplia duración, intervencións extensas que requiren toma de notas; termos especializados –aínda que con densidade baixa–; interrupcións na comunicación).

**Interveñen:** Sabine Turan (víctima), axente do SAF, Jacobo Solana (agresor)

**Contexto:** Entrevista a vítima (Sabine Turan) en comisaría de policía.

**Antecedentes y datos del caso:** Unha cidadá alemana de orixe turca de vinteseis anos (**Sabine Turan**) persóase ás 23:00 h na comisaría da rúa López Mora de Vigo. Presenta un estado de axitación importante e di que ten medo de que a súa parella se vaia suicidar e que non sabe onde está, pero non fala ben en español e comunícase empregando o inglés. Localizan á parella de Sabine, un cidadán español de corenta e tres anos (**Jacobo Solana**), nunha rúa preto do domicilio no que conviven. Comproban que se atopa baixo os efectos de substancias estupefacientes, pero que non ten intención de suicidarse. As axentes especializadas do SAF (Servizo de Atención á Familia do Corpo Nacional de Policía) deciden citar a Sabine ao día seguinte para manter unha entrevista con ela, porque sospeitan que pode estar sendo vítima de violencia de xénero. Os indicios que lles levan a esta sospeita son o feito de que Sabine semella coxear dunha perna e que a súa parella xa foi condenada anteriormente por violencia contra a muller. As axentes chaman a unha intérprete para a entrevista, pero como non atopan a ningunha de alemán preséntase unha intérprete de inglés.

### **Documentación**

Non hai documentación específica. Véxase a ficha do itinerario policial

### **Observaciones:**

No presente *role-play* inclúese algunha información contextual entre corchetes [ ] para facilitar a comprensión dos acontecementos extralingüísticos que teñen lugar durante a situación comunicativa. Obsérvese que hai varias referencias directas á/ao intérprete no



transcurso da intervención (ao inicio cando chega, cara o final cando hai unha intervención abrupta por parte do presunto agresor na que se rompe o diálogo que está tendo lugar e a axente do SAF dirixese directamente á/ao intérprete para saber qué ocorre, e cara o final de todo, onde se lle pide que se quede máis tempo, así como cando a vítima lle fai unha pregunta directamente para saber qué dixo a axente policial). A vítima tamén fai unha referencia indirecta á/ao intérprete previamente, onde amosa o seu receo ante a súa presenza. É interesante reflexionar sobre a reacción da/do intérprete nestas situacións. Tamén resulta de interese considerar cómo trasladar o ton de incomodidade, e incluso de hostilidade nalgunha ocasión, que se desprende das intervencións da vítima. Asimesmo, tamén é importante ter en conta a duración da interpretación, que ao final ademáis deixa a porta aberta a que se prolongue aínda máis para que se realice a toma de declaración formalmente e a valoración VPR. Tamén resulta de interese xestionar a interrupción final por parte do presunto agresor.



**Roleplay interpretación [ámbito policial, nº 2: Declaración en sede policial]**

*[O/A intérprete chama á porta da oficina do SAF]*

**AXENTE DO SAF:** Pase, por favor. Menos mal que chegou, eu de francés aínda bueno, pero de inglés ou alemán nada. A ver, antes de nada faga o favor de escribir neste papel o seu nome completo e o seu NIF.

*[O/A intérprete escribe os seus datos e preséntase ante as interlocutoras]*

**AXENTE DO SAF:** Ben, Sabine, a ver se así podemos falar con calma. Como xa lle dixen, son a axente Márquez e pertenzo ao SAF, o Servizo de Atención á Familia do CNP, o Corpo Nacional de Policía. Como sabe, onte localizamos á súa parella, D. Jacobo Solana, na rúa Rosalía de Castro de Vigo. Estaba ben, non lle pasou nada. Pasou ben a noite?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Yes. Well, he was a little bit upset, I should't have left him go. But he is OK now. But if you want to know how he is, why don't you tell him to come in?

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Non, Sabine. Aquí estamos só vostede e mais eu, co Sr. Solana xa están a falar os meus colegas. Pode marchar cando queira, pero gustaríame falar un chisco con vostede, se non ten inconveniente. Está o Sr. Solana a esperala fóra?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Yes, he is waiting for me. But, look, thank you very much for helping me find him but now I have to go. Besides, I don't know why you want to talk to me. He is fine and I thank you for your work, but that's it. Please let me go.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Si, compréndoa, pero préngolle que quede uns minutos, non lle roubarei moito tempo e despois poderá marchar. De verdade.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Ok, then. What's wrong?

**[Interpretación:]**



**AXENTE DO SAF:** Non pasa nada, tranquila. É vostede moi nova, está aquí de Erasmus?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** No, as I told you before I am 26 years old and I am here working on my PhD. I am a marine biologist. I came here on an Erasmus exchange, yes, but that was three years ago. I met Jacobo and I decided to stay, I was very lucky and now we live together. Is all this about my legal situation? I remind you I am a German citizen and thus I do not need a residence permit to be in Spain.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Non, o seu estatus legal está perfecto. Di que coñeceu a Jacobo hai tres anos, levan saíndo xuntos dende entón? Viuse de Alemaña ao rematar o Erasmus? Viuse para facer o seu doutoramento? Polos seus rasgos e o seu apelido non parece vostede alemana, ten parentes de fóra?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** I came here by the end of that very same year because I was granted a PhD scholarship from the Oceanographic Centre of Vigo, and Jacobo and I decided to start living together after a while. And as for my origins, my parents are Turkish.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Ah, iso explica os seus rasgos. Profesa vostede algunha relixión?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** No. I am an atheist.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Que hai da súa familia?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** My grandparents are muslim, if that is what you want to know. But my parents are not into religion, and in any case none of them are fundamentalist. They are educated and respectful people.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Estou segura diso, grazas pola aclaración. Ben, Sabine, agora gustaríame falar do Sr. Solana. Por que lle dixo que quería suicidarse? É a primeira vez que llo di nestes tres anos?



**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Well, the truth is that it's not the first time. At the beginning of our relationship he was fine, but during the last year Jacobo has been having a hard time. He has few clients because of the crisis, and he is a little upset. I am afraid of his reaction if he loses his job.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** En que traballa o Sr. Solana?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** He's a lawyer, a very good one.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** E que teme que faga?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Well, he is under pressure and I feel he is frustrated. I try to help him, but sometimes it seems it's not enough. I wish I could do something to make him feel better.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Adoita pagar a súa frustración con vostede?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** No, I mean, we are couple, and well, obviously we share our concerns, but that's it.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Púxose o Sr. Solana algunha vez violento con vostede, Sabine?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** What do you mean? He is not a monster!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Eu non dixen tal cousa. Por favor, limítese a contestar ás miñas preguntas. Só quero axudala a vostede e mais ao Sr. Solana. Dígame se algunha vez lle berrou.

**[Interpretación:]**



**VÍTIMA:** Well, yes, sometimes, I guess. But he is good! And he has the right to be mad! Sometimes I don't know how to help him, if I did he wouldn't be so upset.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Sabine, vostede non ten a culpa de nada. Aparte de berrarlle, algunha vez lle levantou a man?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Why do you think he is a monster? Jacobo is a wonderful man, he is very talented and he is everything I have. He would never want to hurt me. And besides, I do not feel comfortable having to answer to these personal questions in front of...  
*[Referíndose á intérprete]* well, someone who is not a police officer.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** A intérprete é unha profesional e é parte do noso equipo, polo que non ten de que preocuparse. Con respecto ao Sr. Solana, eu só quero saber se vostede sufriu algunha agresión. Dígame, algunha vez lle deu unha labazada, empurrouna ou a golpeou?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** *[Permanece en silencio uns segundos mirando ao chan]*. He doesn't want to hurt me. He has the right to be angry because of his job and yes, he may have pushed me or held me tight a few times, but he didn't mean to hurt me, I am sure of that. Stop talking as if he was a criminal.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Dóelle a perna, non si?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** What?

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** A perna. Dóelle? Vexo que coxea, que lle pasou?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** *[Mirando cara o chan]* I slipped in the bathroom two days ago and I tripped over the bath.

**[Interpretación:]**



**AXENTE DO SAF:** E foi o médico? Se non foi podemos acompañala.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** I didn't go because I had no time! I was going to go today, but I am here talking to you and wasting my time.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Fíxolle iso o Sr. Solana? Golpeoulle a perna o Sr. Solana?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** What? I am sick of this conversation, I told you I fell on the bath!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Pero antes dixo que ás veces o Sr. Solana empúxaa ou agárraa forte en momentos de tensión.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Yes! I said it! But Not this time! He didn't mean to hurt me!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Sabine, repítolle que eu só quero axudala. O Sr. Solana ten dereito a estar enfadado, pero vostede non ten por que pagalo. Ninguén ten dereito a baterlle a outra persoa, por moi enfadado que estea. En España a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero protexe ás persoas que sofren maltrato. E se o Sr. Solana bérralle, bátelle e ameázaa con suicidarse, coincide co perfil habitual dun maltratador. Cando os meus compañeiros o atoparon onte, o Sr. Solana, estaba baixo os efectos de substancias estupefacientes. Sabe vostede que consume drogas?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** No, he just takes some pills to control his nerves. He isn't a drug addict, for God's sake!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Deu positivo por cocaína e anfetaminas. O Sr. Solana ten un problema, Sabine, e vostede sábeo. Ten vostede medo del?

**[Interpretación:]**



**VÍTIMA:** I am not afraid of him, I am just afraid he will hurt himself. And I want to help him.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Quería el suicidarse porque vostede ía facer ou fixo algo que a el non lle gustaba?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** [*Mira ao chan en silencio*]. My sister is getting married in a week's time in Austria and I wanted to attend the wedding. He got very angry, he said I was planning to quit him and that I would never come back. I explained to him I just wanted to visit my family, but he wouldn't listen. [*Comeza chorar*]. He said he was not going to pay for the trip, and that I could not do this to him. He cried a lot. Then he took my passport and my ID card, and left. I couldn't call him because I had no credit on my cell phone, but he called home after an hour and told me he was going to kill himself, and that it was my fault because I was causing him so much trouble. I am so stupid, I shouldn't be thinking of leaving him here with all the problems he is facing. I begged him to come back but he hung up. I went looking for him in the street and I got here. There you go, now you have the whole story...

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Síntoo moito, Sabine. Sinto o que pasou e agradézolle que o conte. Pero vostede ten que comprender que o Sr. Solana, Jacobo, non pode retela en contra da súa vontade, nin afastala da súa familia. Non pode berrarlle nin baterlle. Ese tipo de relación é perigosa, e vostede non pode vivir así. Non ten que ter medo de que se suicide, porque se de verdade quixera facelo xa o tería feito. É un tipo de chantaxe, é unha coacción. Vostede quere axudalo, pero a mellor forma de axudalo e poñendo unha denuncia. Jacobo é perigoso, e podería facerlle algo. Precisa axuda de especialistas. Vostede non pode facer nada por el. Sinto dicirle isto, pero faloulle Jacobo da súa ex-muller?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** [*Chorando*] Yes, of course. They divorced five years ago because she left him. She started dating someone else and cheated on Jacobo. I know the whole story, that is why he is so afraid of losing me.

**[Interpretación:]**





**AXENTE DO SAF:** O que imaxinaba. Sabine, Jacobo Solana divorciouse da súa muller porque ela denunciouno por malos tratos. Jacobo vexaba á súa muller, secuestrábaa no seu domicilio, seguíaa pola rúa, perseguíaa e illouna da súa familia. Tamén a agrediu sexualmente. O xuíz impúxolle unha pena de ano e medio de prisión e unha orde de afastamento. Como non tiña antecedentes penais, non foi ao cárcere. Sinto moito que se teña que enterar así.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** But... but you must be wrong! But... I... He is a good man, and a man that respects Justice, he is a lawyer! I mean... he may have done those things because he was angry. She cheated on him!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Ela nunca o enganou. Jacobo ten un problema, Sabine, e precisa axuda, pero vostede non pode darlla. Sabine, vostede corre perigo xunto a Jacobo, créame. E nós podemos protexela, e dese xeito axudarémolos aos dous. Pero para iso terá que poñer nunha denuncia todo o que falamos. Está vostede disposta a facelo? Asegúrolle que é o mellor para el, e sobre todo para vostede.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** But I don't want to hurt him! How am I going to help him by reporting him to the police? That's insane. That would kill him. I would ruin his career. And besides, he is a lawyer! He knows how to defend himself!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Ten dereito a defenderse, pero a lei española protexe ás vítimas de violencia de xénero e, se vostede declara nun xuízo todo o que aconteceu, será suficiente. Jacobo non poderá presionala, vostede poderá continuar cos seus estudos ou voltar ao seu país se o desexa. Podemos facelo canto antes, a través dun xuízo rápido que pode ter lugar mañá pola mañá. Pero terá que asinar a denuncia. E despois porémola en contacto cos servizos especializados que asesoran a persoas na súa situación. Poderá recibir apoio económico, psicolóxico e social. Non sinta que está soa, Sabine. Este problema están a sufrilo moitas mulleres, e vostede é moi nova. Por favor, dea o paso e faga a denuncia.

*[Escóitanse berros na comisaría. Jacobo Solana intenta entrar pola forza na oficina do SAF, e ao verse retido polos axentes, berra]:*



**AGRESOR (JACOBO SOLANA):** SABINE! I TOLD YOU TO TELL THEM THE TRUTH! WHAT THE HELL ARE YOU DOING THERE FOR SO LONG?? COME OUT! COME OUT, YOU FUCKING FOOL! E VOSTEDES, DÉIXENME TRANQUILO! EU NON FIXEN NADA! SÓ QUERO FALAR COA MIÑA MOZA! SON AVOGADO E PODO AFUNDILOS!

*[Os axentes lévanse detido a Jacobo Solana por atentado contra a autoridade e báixano aos calabozos. Sabine comeza chorar e tapa os ollos.]*

**AXENTE DO SAF:** *[Dirixíndose á interprete]* Que dixo? Que dixo en inglés?

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Sabine, por favor, cálmese. Non pasa nada. O Sr. Solana está nervioso, mais nada, nos calabozos poderá tranquilizarse.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** In jail? Oh my God, what have I done? what have I done? I shouldn't have come!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Tranquila, Sabine. Repítollo, vostede non pode axudalo. Ten a oportunidade de poñer fin a este pesadelo, confíe na Xustiza.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** *[Chorando]* This is so hard. So hard. I wish things had been different. I love him, but it is true I can't help him, I have tried but I don't know how, I am so lost! But if I take him to court he will be so mad at me! I will betray him!

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Repítolle que non está soa e si, el vaise enfadar, e tratará de chantaxeala polas boas e polas malas, pero nós estamos aquí para impedi-lo. Ter medo e tratar de protexerse non é unha traizón, Sabine. É humano e lexítimo, e as leis e as institucións estamos aquí para protexela.

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** And what will happen in my country if I decide to go back?

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** Descoñezo cal é a lexislación alemana nesta materia. Pero poderá vostede tratar de consultalo cando fale mañá cos servizo sociais, que quizais poidan



poñerse en contacto co consulado ou a embaixada do seu país. Repasamos logo todo o que me dixo e facemos a denuncia por escrito? Teremos tamén que facer unha VPR ou «valoración policial do risco», que consiste en encher un formulario con diferentes variables para determinar as medidas policiais e xudiciais de protección que teremos que incoar. Isto vainos levar bastante tempo, esta vostede lista?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** [*Asinte*].

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** [*Dirixíndose á intérprete*] Intérprete, vostede tamén terá que quedar.

[*Resposta da intérprete*]

**VÍTIMA:** What did she say?

**[Interpretación:]**

**VÍTIMA:** Oh, OK. Sorry.

**[Interpretación:]**

**AXENTE DO SAF:** I mos aló.

[...]

**FIN**